

## CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. Ano 2007


Este estudo elabórase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas na comarca.

O desemprego rexistrado na Comarca de Terra de Soneira no ano 2007 foi do **2.02 % do desemprego rexistrado na provincia.**

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro do 2007, Vimianzo conta cun 40.65 % dos inscritos na comarca, Camariñas cun 37.24 % e Zas cun 22.11 %

### O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca non segue a mesma tendencia todo o ano segundo o sexo, así diminúe no caso dos homes no segundo e terceiro trimestre para aumentar no derradeiro trimestre do ano. En canto ás mulleres aumenta no segundo trimestre, diminúe no terceiro e volve incrementarse no cuarto trimestre.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 61.94 % fronte ó 38.06 % de desemprego masculino, acadando a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do ano. A media trimestral delas foi de

756 paradas, maior número que a media trimestral do ano anterior (701). Os homes desempregados presentan unha media de 465, inferior ós 509 de media trimestral do ano anterior.


**Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO**

2007	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
<b>Primeiro</b>	475	743	<b>1218</b>	<b>65447</b>
<b>Segundo</b>	449	764	<b>1213</b>	<b>59332</b>
<b>Terceiro</b>	435	754	<b>1189</b>	<b>58159</b>
<b>Cuarto</b>	499	763	<b>1262</b>	<b>62474</b>

**Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
<b>PRIMEIRO</b>	109	274	292	248	295	<b>1218</b>
<b>SEGUNDO</b>	142	268	279	243	281	<b>1213</b>
<b>TERCEIRO</b>	113	259	272	248	297	<b>1189</b>
<b>CUARTO</b>	90	277	301	286	308	<b>1262</b>

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos observamos que o maior porcentaxe de desempregados se sitúa no grupo de entre 25 – 44 anos cunha media do 45.51 %. Os parados maiores de 45 anos teñen tamén unha presenza moi significativa, cun 45.19 % de media do paro rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 9.30 % do desemprego comarcal.




**Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
<b>PRIMEIRO</b>	73	194	192	154	130	<b>743</b>
<b>SEGUNDO</b>	93	198	203	144	126	<b>764</b>
<b>TERCEIRO</b>	75	191	200	160	128	<b>754</b>
<b>CUARTO</b>	48	196	214	172	133	<b>763</b>

**Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE**


	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
<b>PRIMEIRO</b>	36	80	100	94	165	<b>475</b>
<b>SEGUNDO</b>	49	70	76	99	155	<b>449</b>
<b>TERCEIRO</b>	38	68	72	88	169	<b>435</b>
<b>CUARTO</b>	42	81	87	114	175	<b>499</b>



O **paro feminino** caracterízase por ser superior ó paro masculino en tódolos grupos de idade agás entre os maiores de 54 anos no que os homes desempregados superan ás mulleres. Isto probablemente sexa debido a que a poboación activa é moi

superior en homes respecto das mulleres que buscan traballo nesta franxa de idade. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 25 - 44 anos.

Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse nos maiores de 55 anos, seguido do grupo de 45 - 54 anos. Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ó grupo de 25 - 34 anos e ó de 35 - 44 anos. Hai que salientar que o maior descenso de desempregados durante os meses de verán se produce entre os menores de 25 anos.




## O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 60.79 % de desempregados que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 25.85 % só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 2.07 % de demandantes de emprego posúen titulación universitaria. A situación en relación coa provincia é claramente desvantaxosa para a Terra de Soneira.

**Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN**

	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO
UNIVERSITARIOS	22	24	28	27
BUP/BACHAREL SUPERIOR/COU	35	40	31	27
FORMACIÓN PROFESIONAL	107	97	102	112
ENSINANZA OBRIGATORIA	311	320	303	328
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	743	732	725	768
<b>TOTAL</b>	<b>1218</b>	<b>1213</b>	<b>1189</b>	<b>1262</b>

\* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.




## O desemprego por sectores económicos


**Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS**

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	26	81	107	28	55	83	26	42	68	26	51	77
Agricultura e pesca	26	81	107	28	55	83	26	42	68	26	51	77
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	186	42	228	198	44	242	179	42	221	185	43	228
Industria	186	41	227	198	42	240	179	41	220	184	43	227
Electricidade	0	1	1	0	2	2	0	1	1	1	0	1
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	34	212	246	33	197	230	41	204	245	33	241	274
Construcción	34	212	246	33	197	230	41	204	245	33	241	274
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	355	120	475	337	116	453	340	123	463	355	141	496
Comercio e hostalería	168	41	209	155	38	193	157	46	203	158	49	207
Transporte e comunicacións	2	22	24	6	18	24	4	18	22	8	20	28
Outros servizos	185	57	242	176	60	236	179	59	238	189	72	261
<b>SEN EMPREGO ANTERIOR</b>	142	20	162	168	37	205	168	24	192	164	23	187
<b>CON EMPREGO ANTERIOR</b>	601	455	1056	596	412	1008	586	411	997	599	476	1075
Total	743	475	1218	764	449	1213	754	435	1189	763	499	1262


Máis do 84 % dos desempregados da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 16 % é demandante de primeiro emprego. Respecto do mesmo período no ano anterior incrementáronse en dous puntos porcentuais os demandantes de primeiro emprego. Esta tendencia de incremento relativo dos demandantes de primeiro emprego vese aumentada no segundo trimestre do 2007 observándose un aumento no porcentaxe de parados e paradas que buscan o primeiro emprego, no grupo de desempregados con emprego anterior obsérvase unha diminución nos desempregados no segundo e terceiro trimestre do ano para volver incrementarse no cuarto trimestre.



Os sectores con maior cantidade de desempregados son a construción, outros servizos, industria e comercio / hostalería, seguindo as mesmas pautas do ano anterior.. Atendendo á evolución por trimestres, observamos a tendencia xeral de diminución no número de parados no segundo e terceiro trimestres do ano, para volver a aumentar de novo no cuarto trimestre aínda que existen distintos comportamentos no número de desempregados segundo os sectores que avaliemos.




Nos distintos sectores se producen aumentos ou descensos significativos no segundo terceiro e cuarto trimestre sobre todo na agricultura – pesca, comercio/hostalería e industria. Ó remate do verán danse os peores resultados de desemprego no sector da construción e outros servizos. No cuarto trimestre aumentan o número de desempregados superando os niveis de desemprego do primeiro trimestre.



## A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	6	41	47	11	95	106	7	61	68	13	46	59
Agricultura e Pesca	6	41	47	11	95	106	7	61	68	13	46	59
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	64	57	121	56	47	103	59	69	128	79	47	126
Industria	64	56	120	56	47	103	59	69	128	79	47	126
Electricidade	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	46	312	358	10	176	186	5	201	206	3	125	128
Construcción	46	312	358	10	176	186	5	201	206	3	125	128
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	249	90	339	286	149	435	226	169	395	213	85	298
Comercio e hostalería	151	39	190	191	41	232	74	50	124	80	43	123
Transporte e comunicacións	9	12	21	5	3	8	23	19	42	12	6	18
Outros Servizos	89	39	128	90	105	195	129	100	229	121	36	157
<b>TOTAL</b>	365	500	865	363	467	830	297	500	797	308	303	611



No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre nos sectores de agricultura – pesca, comercio/hostalería e outros servizos. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta na


industria, construción e transporte / comunicacións respecto ó trimestre anterior. No cuarto trimestre prodúcese unha regresión no número de contratacións..

Na contratación que se efectúa na comarca destaca o seu carácter maioritariamente masculino, máis dun 57 %, este porcentaxe incrementouse en 3 puntos con respecto ó porcentaxe do ano anterior. Os sectores máis masculinizados son a construción e agricultura / pesca. O maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres dáse nos sectores da industria, comercio/hostalería e outros servizos.


Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que só no cuarto trimestre as fémias se incorporan ó mercado de traballo en maior número que os homes pero a diferenza porcentual non é significativa. A medida que vai avanzando o ano atopamos un descenso paulatino no porcentaxe de contratacións femininas e un aumento nas contratacións masculinas, tendencia que só se racha no último trimestre do ano.




## Evolución da contratación




No primeiro trimestre son sectores fortemente masculinizados a agricultura/pesca e a construción. A maioría da contratación feminina prodúcese no comercio / hostalería, noutros servizos e na industria.



No segundo trimestre tanto homes coma mulleres son contratados en tódolos sectores, aínda que con respecto ó trimestre anterior a contratación de homes supera a de mulleres tamén no sector outros servizos.



Como se pode observar, neste terceiro trimestre é onde o porcentaxe de contratación feminina é o máis baixo respecto da contratación masculina, seguindo a tendencia do mesmo trimestre do ano 2006. Só se supera a metade dos contratos no comercio / hostalería, noutros servizos e, sorprendentemente, no sector transporte / comunicacións, un sector normalmente masculinizado. O sector doutros servizos é o que acada as mellores cifras de feminización neste terceiro trimestre.



No cuarto trimestre observamos por primeira vez no ano que o porcentaxe de contratación feminina é superior á contratación masculina, nos sectores da industria, comercio / hostalería, transporte / comunicacións e outros servizos. Aínda que o dito porcentaxe segue a estar por debaixo nos outros dous sectores (agricultura / pesca e, principalmente, na construción).

## As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PEÓN DE INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	91	100	11	23
CAMAREIROS, BARMANS E ASIMILADOS	25	19	22	12
DEPENDENTES E EXHIBIDORES EN TENDAS, ALMACÉNS...	24	34	18	23
XASTRES, MODISTOS E SOMBREIREIROS	21	10	17	42
OPERADORES DE MÁQUINAS DE COSER E BORDAR	13	26	16	12
OPERADORES DE MÁQUINAS PARA BRANQUEAR, TINGUIR E LIMPAR	13			
PERSONAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS, CAMAREIRAS DE PISO...	12	27	34	20
ASISTENTES DOMICILIARIOS	11	9	18	14
TRABALLADORES CUALIFICADOS POR CONTA ALLEA EN HORTAS...	10			
AUX. ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS ATENCIÓN PÚBLICO	8	7		
OPERADORES DE MÁQUINAS PARA ELABORAR PRODUTOS DERIVADOS DE CARNE, PEIXE E MARISCO		14		
LAVANDEIROS, PASADORES DE FERRO E ASIMILADOS		13		
EMPREGADOS PARA O COIDADADO DE NENOS			14	
RECOLLEDORES DE LIXO			11	
COMPOSITORES. MÚSICOS E CANTANTES			9	
PESCADOR POR CONTA ALLEA DE ALTURA				9
EMPREGADOS DE SERVIZOS DE CORREOS (EXCEPTO EMPREGADOS DE PORTELO)				7
AXENTE DE ENQUISAS				7

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres: peón de industrias manufactureiras; camareiros, barmans e asimilados; dependentes e exhibidores en tendas; xastres, modistos e sombreireiros; operadores de máquinas de coser e bordar; persoal de limpeza e asistentes domiciliarios. Estas ocupacións constitúen o 38.88 % das ocupacións analizadas.

2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: operadores de máquinas para branquear, tinguir e limpar; traballadores cualificados por conta allea en hortas; operadores de máquinas para elaborar produtos derivados de carne, peixe ou marisco; lavandeiros, pasadores de ferro e asimilados; coidadores de nenos; recolletores de lixo; compositores, músicos e cantantes; pescador por conta allea de altura; empregados de servizo de correos; axente de enquisas.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: auxiliares administrativos con tarefas de atención ó público.

**Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA HOMES**

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
ALBANEIS E CANTEIROS	95	53	61	44
TRABALLADORES EN FORMIGÓN ARMADO, ENFUSCADORES...	46	19	31	16
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	35	18	22	18
CARPINTEIROS (AGÁS ESTRUTURAS METÁLICAS)	33	24	32	14
CONDUTORES DE CAMIÓNS	28	11	19	14
PINTORES, VERNIZADORES, EMPAPELADORES E ASIMILADOS	21			
PARQUETEIROS, SOLADORES E ASIMILADOS	21	21	29	16
PESCADOR POR CONTA ALLEA DE ALTURA	20	70	32	27
PEÓNS DE INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	15		22	8
SOLDADORES E OXICORTADORES	13			
COMPOSITORES. MÚSICOS E CANTANTES		47	50	
MÚSICOS, CANTANTES E BAILARÍNS DE ESPECTÁCULOS EN CABARÉS...		12		
PEÓNS FORESTAIS		12	12	
MECÁNICOS E AXUSTADORES DE VEHÍCULOS DE MOTOR				8
CAMAREIROS, BARMANS E ASIMILADOS				7

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas atopamos 4 grupos. pero só coincide unha ocupación coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres: albaneis e canteiros; traballadores en formigón armado; peóns da construción de edificios; carpinteiros (agás estruturas metálicas); condutores de camións; parqueteiros, soldadores e asimilados; pescador por conta allea de altura. Estas ocupacións constitúen o 46.66 % das ocupacións analizadas.
2. Ocupacións que se manteñen durante tres trimestres do ano: peón de industrias manufactureiras.
3. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: pintores, vernizadores, lacadores e asimilados; soldadores e oxicortadores; músicos, cantantes e bailaríns de espectáculos; mecánicos e axustadores de vehículos de motor; e camareiros, barmans e asimilados.
4. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: compositores, músicos e cantantes; peóns forestais.


Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos só coinciden homes e mulleres nunha, o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada.


**Cadro nº 9: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.**

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
<b>Persoal de limpeza ou limpador, en xeral</b>	344	370	362	355
<b>Dependente de comercio, en xeral</b>	155	162	149	159
<b>Pinche de cociña</b>	102	96	104	100
<b>Asistente domiciliario</b>	97	78	89	99
<b>Caixeiro de comercio</b>	74		60	65
<b>Operador de máquinas de pasar o ferro de confección industrial</b>	73	67		
<b>Empregado administrativo, en xeral</b>	68	74	71	75
<b>Operador máquina ind.coser á plana...</b>	64	74	70	75
<b>Empregado de fogar</b>	60			
<b>Peón forestal</b>	58	97	98	89
<b>Mozo de recollida de lixo – varredor</b>		85	79	79
<b>Peón de obras públicas, en xeral</b>		76	68	71

Cadro nº 9: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.


	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
<b>Peón da construción de edificios</b>	126	113	110	129
<b>Albanel</b>	97	90	104	123
<b>Mariñeiro de buque de pesca</b>	53	31		26
<b>Persoal de limpeza ou limpador, en xeral</b>	43	56	50	54
<b>Peón de obras públicas, en xeral</b>	38	58	58	57
<b>Peón forestal</b>	37	42	45	45
<b>Condutor de camión, en xeral</b>	32	30	24	41
<b>Encofrador</b>	29	26	27	35
<b>Xardineiro, en xeral</b>	25	23	23	24
<b>Peón da industria manufactureira, en xeral</b>	20			
<b>Mozo de recollida de lixo – varredor</b>		28	27	
<b>Camareiro, en xeral</b>			22	
<b>Traballador de retén de incendios forestais</b>				29





Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NA COMARCA

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓN INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	225	45	270			
DEPENDENTES E CAIXEIROS COMERCIO	100		100	824		824
PERSOAL DE LIMPEZA	93		93	1431	203	1634
XASTRES, MODISTOS E OPER. MÁQ. COSER	157		157	283		283
CAMAREIROS E PINCHES DE COCIÑA	78		78	402		402
ASISTENTES DOMICILIARIOS	52		52	363		363
AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	15		15	288		288
OPER. MÁQ. ELAB. PRODUTOS DERIVADOS CARNE, PEIXE E MARISCO	14		14			
COIDADO DE NENOS	14		14			
ALBANEIS, ENCOFRADORES, PARQUET. SOLADORES E ASIMILADOS, TRAB. FORMIGÓN		352	352		531	531
MARIÑEIRO		149	149		110	110
CARPINTEIROS (AGÁS ESTRUTURAS METÁLICAS)		103	103			
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES		97	97			
PEÓN EDIFICIOS E OBRAS PÚBLICAS		93	93	215	689	904
CONDUTORES DE CAMIÓNS		72	72		127	127
PEÓNS FORESTAIS E XARDINEIROS		24	24	342	264	606
MOZO DE RECOLLIDA DE LIÑO - VARREDOR				243	55	298



Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector, podemos concluí-lo seguinte:

1.- Na gran maioría das ocupacións estudadas atopamos un número de demandas superior ó número de contratacións. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda quen na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.

2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 5 das estudadas: peón de industrias manufactureiras, operadores de máquinas para elaborar produtos derivados de carne, peixe e marisco; coidado de nenos; carpinteiros (agás estruturas metálicas); compositores, músicos e cantantes.

3.- No caso da ocupación de mariñeiro aínda que aparece entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes.



4.- Ocupacións moi demandadas que non aparecen entre as máis contratadas: mozo de recollida de lixo – varredor.

Ata este ano tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións. Este ano conséguese que aumenten o número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas, como os postos de peón de obras públicas, mozo de recollida de lixo – varredor e peóns forestais. Cómpre salientar que este aumento da demanda vén favorecido pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías e contratacións por parte de SEAGA para a campaña de incendios.

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara a demanda en varias ocupacións respecto da contratación xa que vemos postos que non se cobren coa demanda existente. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da zona poden empregarse ata 4 códigos distintos (peón de industria manufactureira, en xeral; peón de obras públicas, en xeral; mozo de recollida de lixo – varredor; peón forestal).

De todo isto concluímos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.